



De GABRIEL; Narciso. *Vermellos e laicos. A represión fascista do maxisterio coruñés*. Vigo: Editorial Galaxia, 2021. 381 pp. ISBN: 9978-84-9151-614-9

El hecho de que durante varias décadas el Magisterio en todos sus grados y cada vez con más raras excepciones haya estado influido y casi monopolizado por ideologías e instituciones disolventes, en abierta oposición con el genio y tradición nacional, hace preciso que en los solemnes momentos porque atravesamos se lleva a cabo una revisión total y profunda en el personal de Instrucción Pública. (BOE, 27, 1936: 153).¹

O profesor Narciso de Gabriel xa hai tempo que ven centrando boa parte da súa actividade investigadora no proceso de depuración do maxisterio na provincia

da Coruña, a partir do golpe de Estado de 1936. Son moi numerosas as aportacións sobre o tema que o profesor publicou nos últimos anos en revistas como *Sarmiento* ou *A Trabe de Ouro* no ámbito galego, ou en *Historia y Memoria de la educación* a nivel nacional. Estes primeiros traballos hai que entendelaos agora como achegas ou anticipo dos textos que a editorial Galaxia ven de publicar nos últimos tempos. Textos que de seguro terán que se converter en referencias imprescindibles para o estudo e comprensión da depuración do maxisterio en Galicia.

A figura de Xosé María Álvarez Blázquez² constituíu-se, xa hai algún tempo, no primeiro chanzo dunha serie que agora se ve incrementada coa publicación de *Vermellos e laicos*. A idea que se pode tirar da análise detida destas dúas obras, en principio, non é outra que a visión do maxisterio como o corpo de profesionais mais identificado coa Segunda República española. Se a isto engadimos as distintas reformas pedagóxicas postas en marcha naquel breve período de tempo, podemos tirar unha primeira explicación que nos axude a comprender o proceso que se inicia para o maxisterio o mesmo 18 de xullo de 1936. En breve estes dous traballos se verán completados con unha terceira entrega que en principio completa a triloxía sobre o tema.

A depuración do maxisterio, xunto coa de outros colectivos, púxose a funcionar desde o primeiro momento e foise xeneralizando segundo foi pasando o tempo. En paralelo, ía construíndose un soporte

¹ Boletín Oficial del Estado núm. 27, de 11 de noviembre de 1936, p.153

² Narciso de Gabriel, Xosé María Álvarez Blázquez. *Mestre republicano. Diario escolar e desterro* (Vigo: Editorial Galaxia, 2019)

legal que deixaba ás claras as intencións dos sublevados. Non pode sorprendernos logo que, transcorrido un mes, se promulguen as primeiras normas que tentaban regulamentar un proceso evidentemente ilegal, arbitrario e inxusto que se desprego con unha inusitada violencia. En principio, as accións emprendidas polos sublevados deixaron paralizado ao colectivo e, sobre todo, sen recursos legais para a súa defensa porque non os había. Ao longo de *Vermellos e laicos* esta realidade queda evidenciada unha e outra vez. Hai que pensar que as sancións ao colectivo tentaban deixalos illados e aterrorizados, coñecedores como eran dos paseos, as desaparicións e os despropósitos que se recollían nas sentencias. O certo é que a realidade que se podía tirar a nivel individual das noticias relacionadas co proceso, día si e día tamén, xunto coas sancións, callaron de maneira tal no colectivo que impediron calquera reacción.

Desde o primeiro momento, proba de que este proceso estaba perfectamente organizado, ademais da represión e persecución, os representantes do Novo Réxime sentaron as bases dun modelo educativo que, tal como afirma Narciso de Gabriel no limiar da obra, constituíase na antítese do adoptado pola República. Temos que considerar que os sublevados eran quen crebaran a legalidade e, con todo, eran eles os que asasinaban, paseaban, expulsaban, acusaban ou sancionaban aos que tiñan actuado nos parámetros da legalidade de maneira rigorosa. Unha sen razón que aínda hoxe resulta difícil de interpretar pero que o autor amosa e analiza para poder entender mellor a mecánica de violencia e o terror que as novas autoridades puxeron ao servizo da súa causa. Sempre con atina-

do pulso narrativo e unha lóxica discursiva ancorada nas fontes que, por veces, aduba cunha inevitable carga de sarcasmo, vai-se expoñendo unha realidade arbitraria e noxenta que bateu contra o maxisterio de forma especialmente violenta. A consecuencia inmediata foi que os sublevados, desde o primeiro momento, empezaron a desmantelar o sistema educativo do país e deixaron orfa de educación e cultura á práctica totalidade da sociedade española.

A primeira intención das novas autoridades foi deslexitimar á escola da república. Pero sobre todo, e de maneira especial, a súa teima tivo nos mestres e mestras un dos seus obxectivos fundamentais. Sabemos que houbo outros colectivos profesionais vítimas da represión, pero ningún deles o foi de maneira completa, e desde logo ningún o foi co nivel de crueldade e violencia que se empregou contra o maxisterio. Esta actuación resulta de todo punto clarificadora por canto as intencións dos sublevados de maneira universal son as mesmas sempre, con independencia do país do que se trate e as ideoloxías ou intereses que se agachen detrás das súas intencións. Os sublevados sempre teñen no punto de mira a escola e especialmente ós mestres e mestras que nelas traballan. Na súa obra *Madres e hijos*, Theodor Kaliffatides transcribe unha longa carta do seu pai que foi mestre toda a súa vida. Dimitrios Kaliffatides foi encarcerado polos alemáns cando a ocupación de Grecia durante a segunda guerra mundial e pouco despois volveu á cadea, esta vez da man dos militares que deron un golpe de estado. Nas dúas ocasións cos mesmos cargos:

Octubre de 1944. La patria libre. Las escuelas abrieron y los maestros, los que habían sobrevivido, volvieron a sus puestos. Las

aulas de las escuelas se llenaron de nuevo de las alegres voces de los niños. Nuestra escuela volvió a funcionar con el personal completo, como antes.

Por desgracia, estaba escrito que al cabo de pocos días volverían a encerrarme en la prisión de Esparta bajo la misma categoría de comunista.³

No noso país a diferenza fundamental con outros do noso entorno cultural estriba na duración do proceso de depuración e, en non menor medida, na perpetuación durante 40 anos dos sublevados no poder. De maneira que, ademais de propiciar o que se ten identificado como exilio interior dos sancionados, a extensión no tempo dos procesos, baleirou de responsabilidades aos membros das distintas comisións encargadas do proceso de depuración.

Temos que retrotraernos ao 9 de decembro de 1931 cando se aproba a Constitución republicana para entender o sentimento e orixe da arela que movía aos sublevados para desbotar o modelo de educación que aquela propoñía. Entre os artigos da nova carta magna destaca especialmente o 48 que no seu espírito achegaba España a Europa e, sobre todo, ao movemento da Escola Nova. Pero ademais, definía dun xeito breve e nido, unha escola pública unificada, laica, bilingüe, solidaria e activa -o que para Lorenzo Luzuriaga supoñía a renovación das metodoloxías e das técnicas didácticas-. Por primeira vez se recoñece a gratuidade do ensino primario e a súa obrigatoriedade. Non eran menores os cambios en termos de consideración profesional do maxisterio, dos profesores e dos catedráticos do ensino oficial que pasaban a ser funcionarios públicos. A isto

temos que engadir a mellora substancial dos soldos e das condicións de traballo, e mesmo a consideración social. Nin que dicir ten que a idea republicana estaba estreitamente relacionada cun tratamento da educación máis europeo e, en non menor medida, presidida por unha política de construcións escolares moi activa que vai continuar aínda nos momentos máis duros da guerra civil.

Tal como dicíamos anteriormente *Vermellos e laicos* é a segunda entrega dunha triloxía que temos que entender como esencial para a comprensión da depuración do maxisterio en Galicia. O libro está estruturado en sete apartados entre un limiar e unha bibliografía moi atinada que pecha o volume. A obra sitúanos, en principio, na primeira fase do proceso de depuración. En total serán, segundo sinala o profesor de Gabriel, 268 mestres e 73 mestras os sancionados na provincia neste primeiro momento. Ningún deles terá a oportunidade de se defender. Non estaba contemplado na orde de 19 de agosto de 1936 que regulamentaba esta primeira fase. Os mestres e mestras sancionados -hai que recordar que este é o momento de máxima violencia institucional e social, especialmente nas provincias onde os sublevados se fixeron co poder-, unicamente podían dirixir un recurso de súplica ao reitor ou ao Delegado do goberno, aínda que con poucas ou ningunha esperanza de mudar o sentido da sentenza, as máis das veces condenatoria.

A segunda fase do proceso recóllese con extensión nos capítulos terceiro e cuarto do libro. En outro momento anterior temos indicado que todo o proceso estaba perfectamente deseñado para render e reconducir a escola republicana e á socieda-

³ Theodor Kaliffatides, *Madres e hijos* (Barcelona: Galaxia-Gutenberg, 2020), 154

de española. Tratábase, como dicimos, de deslexitar e depurar aos que tiñan exercido o maxisterio na escola que agora se perseguía. A mecánica e as directrices que regulamentaban esta segunda fase non se van materializar legalmente ate a promulgación da Lei de Responsabilidades Políticas do 9 de febreiro de 1939 e a súa complementaria do 10 do mesmo mes. Estas dúas leis fixan definitivamente as normas que rexeran o proceso de depuración, pero o certo é que a segunda fase comeza, en primeira instancia, coa publicación do Decreto número 66 do Goberno do Estado, de data 8 de novembro de 1936, que determina a creación de catro comisións. A que se encargará expresamente do maxisterio será a comisión D que terá carácter provincial. Non será ate o 1 de decembro de 1936, cando se constituía a devandita Comisión Depuradora Provincial. Isto explica que as sentencias das distintas comisións fosen aparecendo sen ningunha lóxica espalladas entre os anos 1937 e 1942. En todo caso hai que dicir que moitas veces as sentencias tiñan unha intención ben clara, por canto, en non poucas ocasións, facían referencia a mestres ou mestras paseados ou asasinados, o que engadía mais violencia institucional e dor aos seus familiares. O terror e a vinganza como argumentos xogaron un papel esencial no proceso.

O profesor de Gabriel constata que practicamente a metade dos mestres (46%) recibiron algún tipo de sanción, mentres as mestras serán algo menos do 13%. Temos que recordar aquí que o maxisterio será sancionado esencialmente por cumprir coa legalidade establecida durante o tempo republicano. Este argumento foi utilizado indistintamente por

mestres e mestras en moitas ocasións nos pregos de descargo, pero, tal como queda constatado no libro, nunca foi considerado como atenuante, polo que rematou sendo desestimado sen mais. Así que as sentencias, as mais das veces, simplemente referendábanse nos termos que a comisión tiña determinado nun principio.

O quinto capítulo do libro organízase arredor dos cargos formulados contra o maxisterio. Narciso de Gabriel resúmeos en sete categorías: sindicalismo, pertenza á fronte popular, ser de esquerdas, militar no galeguismo, laicismo e outros dous que temos que entender como argumentos para sancionar sen mais. Neste punto hai que recordar, en relación coa depuración, a importancia que as denuncias anónimas van ter no proceso. De maneira que si un mestre ou unha mestra eran denunciados anonimamente por disolventes na súa actuación na escola –sexta categoría–, tiñan moi difícil a súa defensa. O mesmo ocorría se o cargo se incoaba por resistencia á sublevación. En calquera caso as sancións derivadas destes dúas categorías non eran menores que as que se establecían para as outras cinco. Ao abeiro de algunha destas categorías ou de varias delas, moitos mestres e mestras foron separados do ensino definitivamente. O autor sostén neste punto que os cargos mencionados, derivados das distintas categorías, tamén se poden encontrar nos expedientes do maxisterio suspendido temporalmente de emprego e soldo.

Tal como temos adiantado os cinco primeiros capítulos do libro conforman unha unidade que se ven de completar cos dous últimos que podemos entender como unha segunda parte, porque ten unha connotación mais persoal, por canto analiza polo

miúdo expedientes individuais de mestres e mestras. Seis en total son os mestres e mestras que se acollen no capítulo -catro mestres e dúas mestras- que representan ao conxunto do maxisterio depurado e sobre todo aos sancionados. Son moitas as cousas que se poden dicir diante destas historias, todas cheas de violencia, inxustiza e nunca exentas de crueldade. Por veces parece que o sentido común nos pide contravir os textos diante da impotencia e a sistemática saña que se agacha detrás dos argumentos. En calquera caso son testemuños que xa non se poderán silenciar mais e que non debemos esquecer para ben da memoria colectiva de todos.

O libro péchase cunha relación de 508 mestres e mestras sancionados constituíndo o último capítulo titulado “Memorial da represión” e que nós queremos entender como “Memorial de vítimas”. A relación que se presenta é provisional e responde unicamente aos criterios desenvolvidos no libro. De aí que podemos afirmar, sen medo a errar, que foron moitos mais.

En moitas ocasións o autor ten manifestado un certo desacougo derivado da imposibilidade de entrevistar aos mestres e mestras protagonistas do proceso de

depuración e, por extensión, deste e de outros traballos semellantes. Non sabemos se chegaríamos a entender ou comprender mellor o proceso de depuración aportando os testemuños da vítimas. En principio, porque durante moitos anos as estratexias desenvolvidas como recurso do exilio interior serían unha lousa de difícil tratamento, pero sobre todo porque poderíamos causar dor alí onde xa non hai porque. É algo que queda no aire. Sen embargo, somos da opinión de que serían moi interesantes, en contraposición, e se fosen posibles, as aportacións que os membros das distintas comisións depuratoras poderían facer para explicar o papel que desenvolveron. Isto permitiríanos coñecer de primeira man a lóxica interna do proceso e os criterios nos se moveron. Unha e outra opción, desgraciadamente, agora xa son pura utopía.

Felicítamos ao profesor de Gabriel por este traballo preciso e clarificador esperando con degoiro a próxima achega que, sen dúbida, aportará mais luz para o coñecemento da xénese e evolución dunha realidade, a depuración do maxisterio, que nos últimos anos ven de encherse con traballos ben importantes e necesarios para Galicia. Parabéns

J.Luis IGLESIAS
UDC